ingreso no corpo facultativo superior da Xunta de Galicia, grupo A, escala de enxeñeiros de montes.

Segundo.-Contra este acordo poderá interpoñerse recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo cos artigos 114 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Declarar a todos/as os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio exentos da realización do terceiro exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.3 da convocatoria.

Cuarto.-De conformidade co disposto na base II.3.4 da convocatoria, os/as aspirantes que superaron a fase de oposición disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para presentaren a documentación relativa á fase de concurso, que deberán dirixir á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetano, Santiago de Compostela) de acordo co procedemento establecido para o efecto pola Dirección Xeral da Función Pública na súa Resolución do 29 de xaneiro de 2009, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 24, do 4 de febreiro.

Santiago de Compostela, 14 de abril de 2009.

José Antonio Portos Mouriño
Presidente do tribunal

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 7 de abril de 2009 que modifica a Orde do 29 de xullo de 2008, pola que se fai pública a lista de opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, para os funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Estimados os recursos de alzada interpostos por Gonzalo Manuel Novo Villaverde, Francisco Javier Rodríguez Paz (ambos da especialidade xeografía e historia) e Jaime Villarino Ferreiro (da especialidade de informática) en relación aos procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2008, referentes ao acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, para os funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

*RESOLVE:*

Primeiro.-Modificar o anexo de opositores aprobados da Orde do 29 de xullo de 2008, pola que se fai pública a lista dos opositores que superaron os procedementos selectivos convocados pola Orde do 9 de abril de 2008 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, para os funcionarios dos corpos e escalas docentes clasificados no subgrupo A2 da Comunidade Autónoma de Galicia nas especialidades e do xeito que se sinala:

590005-XEOGRAFÍA E HISTORIA

| Nº orde | NIF | Apelidos e nome | Baremo | Oposición | Concurso-oposición |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 35281500-Y | Martínez García, José Manuel | 8,2000 | 8,0020 | 8,0911 |
| 2 | 34606177-D | Mosquera Veleiro, José Luis | 7,6000 | 8,0100 | 7,8255 |
| 3 | 32416153-E | Novo Villaverde, Gonzalo Manuel | 7,5000 | 7,1100 | 7,2855 |
| 4 | 33217609-C | Justo Cerviño, Aurelio Tirso | 9,2000 | 5,0770 | 6,9324 |
| 5 | 34926662-N | Llorente de Mata, Luis María | 7,6800 | 6,0200 | 6,7670 |
| 6 | 76451759-N | Iglesias Iglesias, Antonia Mercedes | 8,8000 | 5,0100 | 6,7155 |
| 7 | 36070176-N | Correa Piñeiro, Duarte | 5,5500 | 7,2300 | 6,4740 |
| 8 | 36069289-E | Rodríguez Paz, Francisco Javier | 8,1000 | 5,0800 | 6,4390 |

590107-INFORMÁTICA

| Nº orde | NIF | Apelidos e nome | Baremo | Oposición | Concurso-oposición |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 32665526-Y | López Uceira, Fernando | 3,5656 | 6,3103 | 5,0752 |
| 2 | 32816447-R | Prado Espiñeira, Fernando | 3,0328 | 6,6269 | 5,0096 |
| 3 | 32811761-F | Villarino Ferreiro, Jaime | 3,6990 | 5,0308 | 4,4314 |

Segundo.-A secretaría xeral adoptará todas as medidas que sexan precisas para o desenvolvemento desta orde.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2009.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria